

MANUAL DE FORMACIÓN DE BENESTAR ANIMAL. PREGUNTAS. TRANSPORTE. LIMPEZA E DESINFECCIÓN



MANUAL DE FORMACIÓN DE BENESTAR ANIMAL. PREGUNTAS. TRANSPORTE. LIMPEZA E DESINFECCIÓN

XUNTA DE GALICIA
Consellería do Medio Rural e do Mar
Santiago de Compostela
2014

Coordinación:

Jesús Juan Cantalapiedra Álvarez
José Luis Puerta Villegas
Isabel Blanco Penedo
Mercedes Camiña García
María del Mar Yllera Fernández

Autores:

Ángeles Moreno Grande (ACRUGA-España)
José Luis Puerta Villegas (XUGA-España)
Jesús Juan Cantalapiedra Álvarez (XUGA-España)
María del Mar Yllera Fernández (USC-España)
Isabel Blanco Penedo (IRTA-España)
Mercedes Camiña García (USC-España)
José Pedro Araújo (IPVC-Portugal)
Joaquim Lima Cerqueira (IPVC-Portugal)

Edita: Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural e do Mar

Ano: 2014

TRANSPORTE

1. O sitio onde se descarga un animal dun medio de transporte e se alberga polo menos 48 horas antes de volver saír, ou se sacrifica:

- a. Lugar de destino
- b. Lugar de control unicamente
- c. Lugar de saída unicamente
- d. Lugar de intercambio.

2. Un remolque é un medio de transporte:

- a. Destinado a ser enganchado a un automóbil unicamente
- b. Destinado a ser enganchado a un tractor unicamente
- c. Destinado a ser enganchado a outro remolque
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

3. A definición de "viaxe" inclúe:

- a. A descarga en puntos intermedios
- b. A carga en puntos intermedios
- c. A operación completa do transporte
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

4. O ámbito de aplicación do R (CE) n.º 1/2005 inclúe:

- a. Cans e gatos domésticos
- b. Cans e gatos salvaxes
- c. Cans domésticos e gatos salvaxes
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

5. O ámbito de aplicación do R (CE) n.º 1/2005 inclúe:

- a. Transporte sen carácter comercial
- b. Animais invertebrados
- c. Son correctas as dúas respostas anteriores
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

6. Son condicións xerais de calquera transporte de animais vivos:

- a. Facer o desprazamento sen demora
- b. Contar con espazo e altura abondo no medio de transporte
- c. Persoal formado e capacitado para realizar o transporte
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

7. Indica cales son factores desencadeantes do estrés durante o transporte:

- a. Emocionais / sociais / ambientais
- b. Físicos / manexo / climatoloxía
- c. Metabólicos / operativos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

8. Durante o transporte é necesario manter a T^a dentro do rango da :

- a. Termoneutralidade
- b. Termodinámica
- c. Non fai falla se non existen equipos de ventilación automática no vehículo
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

9. As infraccións leves contempladas na Lei 32/2007 relativa ao coidado dos animais poden levar consigo multas de ata:

- a. 700 euros
- b. 800 euros
- c. 1000 euros
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

10. Segundo a Lei 32/2007 relativa ao coidado dos animais, subministrar documentación falsa aos inspectores da Administración, considérase unha infracción:

- a. Grave
- b. Moi grave
- c. Leve
- d. Leva consigo a retirada da autorización do transportista.

11. O maltrato dos animais no Código Penal español reflíctese no artigo:

- a. 337
- b. 537
- c. 437
- d. 333

12. En España o número de identificación e rexistro de transportista denomínase:

- a. Código IRT
- b. Código NIRT
- c. Código ATES
- d. Código TIPE

13. Os certificados de competencia para os condutores e coidadores de vehículos expedidos en Galicia:

- a. Redáctase na lingua oficial do Estado unicamente
- b. Redáctase en galego unicamente
- c. Pódese limitar a especies específicas
- d. Emítese polo Ministerio de Interior.

14. No código ATES 11320000123, os últimos 7 díxitos identifican a:

- a. A CC.AA
- b. O municipio
- c. O transportista
- d. O Estado membro.

15. Ante un incumprimento grave do BA durante o transporte, a Autoridade Competente (AC) pode decidir:

- a. Cambiar o coidador ou condutor
- b. Descargar os animais
- c. Sacrificalos sempre como única opción
- d. Son correctas as dúas primeiras respostas.

16. Ante un incumprimento grave do BA durante o transporte a AC (Autoridade Competente) pode decidir:

- a. Transferir os animais a outro medio de transporte
- b. Reparar temporalmente o medio de transporte se procede
- c. Devolver os animais ao punto de orixe
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

17. Conteste verdadeiro ou falso. Son aptos para o transporte:

- a. Os becerros co embigo sen cicatrizar
- b. Cérvidos en fase de muda
- c. Animais destinados á experimentación animal
- d. Animais baixo supervisión veterinaria
- e. Femia con máis do 90% de xestación
- f. Cans e gatos de <8 semanas sen ir acompañados da nai
- g. Animais con feridas graves (fracturas, etc.)
- h. Animais con feridas leves.

18. Nos vehículos de transporte, o cartel que indica a presenza de animais vivos:

- a. É obrigatorio en todos os casos
- b. Só é obrigatorio en viaxes a distancia de >50 km
- c. Non existe un modelo oficial
- d. Son correctas as respostas “a” e “c”.

19. É unha práctica prohibida no manexo dos animais na carga e descarga:

- a. Picalos e colgalos por medios mecánicos mais de cinco segundos
- b. Arrastralos pola cabeza, rabo etc.
- c. Golpealos e patealos
- d. Son correctas todas as respostas anteriores.

20. Durante o transporte as femias leiteiras deben muxirse polo menos cada:

- a. 3 horas
- b. 6 horas
- c. 12 horas
- d. 24 horas.

21. Cando se ate un animal, as ataduras débenlle permitir:

- a. Saltar
- b. Brincar e coucear
- c. Tombarse e alimentarse
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

22. Se as operacións de carga e descarga duran máis de 4 horas e teñen que ser supervisadas por un veterinario:

- a. Exceptúanse as aves de curral desta norma
- b. Unicamente será obrigatorio para bovino e porcino
- c. Unicamente será obrigatorio para coellos
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

23. O tempo máximo de viaxe sen descanso de équidos destetados é de:

- a. 8 horas
- b. 12 horas
- c. 16 horas
- d. 24 horas

24. O tempo máximo de viaxe para becerros, cordeiros e cabritos sen descanso é de:

- a. 8 horas
- b. 9 horas
- c. 12 horas
- d. 24 horas

25. O tempo máximo de viaxe para porcos (exceptuando leitóns non destetados) sen descanso é de:

- a. 24 horas
- b. 12 horas
- c. 8 horas
- d. 16 horas

26. O tempo máximo de viaxe para vacúns, ovinos e caprinos adultos sen descanso é de:

- a. 8 horas
- b. 12 horas
- c. 14 horas
- d. 24 horas

27. Durante a viaxe de aves de curral e coellos domésticos é necesario subministrar comida e auga en suficiente cantidade, salvo en viaxes de duración menor a:

- a. 8 horas sen contar o tempo de carga e descarga
- b. 12 horas sen contar o tempo de carga e descarga
- c. 16 horas sen contar o tempo de carga e descarga
- d. 24 horas sen contar o tempo de carga e descarga.

28. Ante un accidente de circulación débese seguir o procedemento coñecido polas siglas:

- a. PAS
- b. PES
- c. PROS
- d. SPA

29. En caso de parada de emerxencia do vehículo na estrada, o triángulo de sinalización colocárase:

- a. Entre 5 e 10 metros
- b. Entre 10 e 20 metros
- c. Entre 1 e 5 metros
- d. Entre 50 e 100 metros.

30. Ante unha emerxencia (accidente, avaría grave do vehículo, etc.) débese avisar ao número:

- a. 112
- b. 113
- c. 051
- d. 012

31. A limpeza e desinfección dos vehículos de transporte de animais vivos é responsabilidade do:

- a. Operador comercial
- b. Transportista
- c. Coidador
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

32. Un animal que non sexa capaz de camiñar polos seus propios medios considérase:

- a. Apto para o transporte
- b. Non apto para o transporte en ningún caso
- c. Non apto para o transporte con excepcións
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

33. Un animal que morra durante o transporte considérase:

- a. SANDACH
- b. MER
- c. Produto infrautilizado
- d. Todas as respostas son correctas.

34. A xestión dos cadáveres de animais que morren durante o transporte é responsabilidade de:

- a. A Administración estatal
- b. A Administración autonómica
- c. O propietario dos animais
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

35. No caso de ter que eutanasiar un animal durante o transporte, encargarse de sacrificar o animal:

- a. Unicamente o veterinario
- b. Unicamente o propietario
- c. As forzas de seguridade do Estado
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

36. Son condicións especiais das viaxes de longa duración no vehículo:

- a. Teito de cor escura
- b. Sistema de ventilación
- c. Alimento e auga suficiente
- d. Son correctas as respostas “b” e “c”.

37. A sección 2 do CAB corresponde a:

- a. Planificación
- b. Lugar de destino
- c. Lugar de saída
- d. Declaración do transportista.

38. Os rexistros dos sistemas de ventilación, T^a, etc., deberían conservarse a disposición da Autoridade Competente (AC) polo menos durante:

- a. 2 anos
- b. 3 anos
- c. 4 anos
- d. 5 anos

39. A obrigatoriedade dos sistemas de xeolocalización e alerta do control de temperatura nos vehículos por estrada para viaxes longas foi desde:

- a. 1 de xaneiro de 2007
- b. 1 de xaneiro de 2008
- c. 1 de xaneiro de 2009
- d. 1 de xaneiro de 2010

40. Excepcionalmente a AC podería autorizar os medios de transporte para viaxes longas sen que incumpran os requisitos específicos para esta viaxe sempre que non superen as:

- a. 9 horas
- b. 10 horas
- c. 11 horas
- d. 12 horas

41. Unha viaxe longa é aquela que dura máis de:

- a. 7 horas
- b. 8 horas
- c. 9 horas
- d. 12 horas

42. Os plans de continxencia deberían estar asinados por:

- a. O transportista ou o seu representante indistintamente
- b. O transportista unicamente
- c. O representante unicamente
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

43. Durante o transporte só se poderán reter os animais debido a:

- a. Razóns de benestar animal (BA)
- b. Razóns de seguridade pública
- c. Son correctas as respostas anteriores
- d. Todas as respostas son incorrectas.

44. A carne escura, dura e seca denomínase:

- a. DFD
- b. PSE
- c. Contusionada
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

45. O estrés crónico nos becerros e o esgotamento do glicóxeno provoca:

- a. Carnes DFD
- b. Carnes PSE
- c. Carnes contusionadas
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

46. O estrés agudo no gando porcino provoca:

- a. Carnes DFD
- b. Carnes PSE
- c. Carnes contusionadas
- d. Carnes SSE.

47. A acidose láctica e a caída do PH no gando porcino provocan:

- a. Carnes PSE
- b. Carnes DFD
- c. Carnes contusionadas
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

48. A maior parte das contusións nas canais despois do transporte prodúcense en:

- a. O lombo e costela
- b. A tapa e contra
- c. A faldra
- d. As costelas.

49. A área do animal onde este se encontra seguro denomínase:

- a. O punto de balance
- b. A zona de fuga
- c. A zona de seguridade
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

50. A zona situada á altura do ombro / cruz que serve para mover os animais denomínase:

- a. Punto de balance
- b. Zona de fuga
- c. Zona propia do animal
- d. Zona externa do animal.

51. Se un operario entra na zona de fuga, o animal:

- a. Móvese
- b. Párase
- c. Alégrase
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

52. O uso de pica eléctrica está permitido:

- a. Sempre en vacún e porcino
- b. Nunca está permitido en animais vivos
- c. Ás veces e con restricións (especie e idade)
- d. Sempre en vacún unicamente.

53. O uso de pica eléctrica (aparells eléctricos) é válida en:

- a. Porcinos e vacúns adultos con certas condicións
- b. Porcinos e becerros de <6 meses
- c. Nos cuartos traseiros en aplicacións < de 6 segundos
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

54. Son equipos apropiados para a conducción de animais:

- a. Panel e maracas
- b. Remos e bandeiras
- c. Botellas
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

55. Dentro do programa Welfare Quality considéranse principios:

- a. Alimentación
- b. Aloxamento e saúde
- c. Comportamento
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

56. O confort de descanso e confort térmico englobanse no Welfare Quality no principio de:

- a. Alimentación
- b. Aloxamento
- c. Comportamento
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

57. A APPCC é un:

- a. Sistema de análise de puntos críticos
- b. Sistema de seguridade laboral unicamente
- c. Sistema de certificación
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

58. Relativo ao BA no transporte, nos rexistros que xestiona a Administración rexístranse:

- a. As persoas físicas
- b. As persoas xurídicas
- c. Os vehículos e contedores
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

59. Son tipos de certificados de aprobación de vehículos:

- a. Para viaxes curtas
- b. Para viaxes longas con excepción legal (ata 12 horas)
- c. Para viaxes longas sen límite de duración
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

60. Cal destes sistemas de identificación será necesario para transportar gando vacún:

- a. DIB e marca auricular dobre
- b. Marca auricular dobre e microchip unicamente
- c. Bolo ruminal
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

61. Para transportar o gando porcino é necesario que estes animais estean identificados:

- a. Marca auricular ou tatuaxe
- b. DIB
- c. Bolo ruminal
- d. Todos os sistemas anteriores son correctos.

62. Para transportar aves de curral estas deben identificarse mediante:

- a. Precinto en cada gaiola
- b. Marca individual
- c. Tatuaxe en cada animal
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

63. O documento de traslado entre países da UE denomínase:

- a. DVCE
- b. Certificado MACES
- c. GOSP
- d. CAB

64. O documento de traslado denominado “Conduce” utilízase unicamente para:

- a. Sacrificio de animais da campaña de saneamento gandeiro
- b. Traslado entre explotacións
- c. Traslado a cebadeiros
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

65. O caderno de a bordo ou folla de ruta (CAB) utilízase para:

- a. Viaxes curtas entre distintos Estados membros da UE
- b. Viaxes longas entre distintos Estados membros da UE
- c. Viaxes entre diferentes CC.AA
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

66. O caderno de a bordo ou folla de ruta (CAB) utilízase para:

- a. Bovino e ovino
- b. Caprino e porcino
- c. Coellos e aves
- d. Son correctas as dúas primeiras respostas.

67. Son condicións xerais en calquera transporte de animais:

- a. Evitar lesións e sufrimentos innecesarios
- b. Reducir na medida do posible a duración da viaxe
- c. Transportar só animais aptos para o desprazamento
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

68. No transporte do gando bovino:

- a. Os becerros de < de 10 días poden transportarse máis de 100 quilómetros
- b. As vacas leiteiras muxiranse cada 24 horas como mínimo
- c. As pendentes máximas das ramplas serán 26° para becerros e un 22° para vacúns adultos
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

69. Para o transporte de pequenos ruminantes (ovellas/cabras) permítese:

- a. A viaxe máis de 100 km de cordeiros de > de 1 semana
- b. As ramplas de carga e descarga de < 26°
- c. A muxidura de femias leiteiras cada 12 horas como mínimo
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

70. Para o transporte de porcinos:

- a. As pendentes máximas das ramplas serán de 20°
- b. Os leitóns de menos de 3 semanas non son aptos para viaxes de máis de 100 quilómetros
- c. Para viaxes longas é necesario cubrir o CAB
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

71. Para o transporte de équidos:

- a. A pendente máxima da rampla será de 20°
- b. Os animais > de 8 meses viaxarán con cabezada
- c. Os équidos sen desbravar non poden realizar viaxes longas
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

72. Para o transporte de équidos:

- a. Deberá existir un espazo mínimo de 75 cm dende a punta da cruz do animal máis altura ata o teito
- b. Nas viaxes longas os animais dispoñerán de compartimentos individuais
- c. Non se poderán transportar no piso superior (se o vehículo ten dous pisos)
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

73. Para o transporte de aves de curral:

- a. Non é necesario o CAB
- b. Non é necesario autorizar os contedores
- c. Deberán abastecerse as aves de auga e comida para viaxes de máis de 12 horas
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

74. Para o transporte de coellos:

- a. É necesario dispoñer de auga e comida para viaxes de máis de 12 horas
- b. Non precisan CAB
- c. Non precisan autorización dos contedores
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

75. Para o transporte doutras especies (cérvidos, peixes, abellas etc.):

- a. Non son aptos para o transporte os cérvidos en fase de muda
- b. Os vehículos para o transporte de peixes deberán rexistrarse
- c. A normativa española obriga a rexistrar os vehículos que transportan abellas
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

76. Para o transporte de animais de compañía:

- a. Os cans e gatos < de 8 semanas nunca se poden transportar
- b. Para transportes non comerciais aplícase a normativa do BA
- c. Os cans e gatos dispoñerán de auga cada 8 horas e comida cada 24 horas
- d. Aos animais potencialmente perigosos non se lles aplica a normativa.

77. No transporte por ferrocarril:

- a. Extremaranse as precaucións durante as manobras cos vagóns
- b. Reducirase a duración da viaxe na medida do posible
- c. Para viaxes de máis de 3 horas dispoñerase dun método de sacrificio axeitado
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

78. Durante o transporte por vía aérea:

- a. Débense cumprir as normas da IATA
- b. Se se superan as 3 horas dispoñeríase de métodos de sacrificio eutanásico
- c. Calcularase unha axeitada densidade de carga en función da especie
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

79. Durante o transporte en buques:

- a. Se se superan as 3 horas dispoñerase dun método de sacrificio eutanásico
- b. Cumprírase o convenio SOLAS
- c. Existirán sistemas de alarma de 1ª, ventilación, etc.
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

80. Os contedores de transporte:

- a. Terán sinais visibles que indiquen que se transportan animais
- b. Estarán sempre en posición vertical
- c. Con pesos superiores a 50 kg levarán ancoraxes
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

81. En Galicia existen puntos de inspección fronteirizos (PIF) en:

- a. A Coruña, Santiago e Lugo
- b. Vigo, Vilagarcía e Marín
- c. Marín, A Coruña e Santiago
- d. As respostas “b” e “c” son correctas.

82. Considéranse aves de curral segundo a normativa da UE:

- a. Galiñas, pavos, galiña de guínea
- b. Faisáns, perdices, pombas
- c. Ratites (avestruces, ñandús e emús)
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

83. Son datos xerais dun plan de continxencia:

- a. Nome, teléfono e enderezo da empresa, transportista de orixe e destino
- b. Situación de posibles puntos de parada
- c. Datos da AC, corpos de seguridade do estado, etc.
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

84. Son partes dun sistema do sistema de navegación dun vehículo:

- a. OBU
- b. GNSS, GMS/GPRS
- c. Interface
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

85. Un coidador ou condutor pode sacrificar un animal con:

- a. Pistola de caravilla perforadora cativa
- b. Nunca pode sacrificalo
- c. Con medicamentos eutanásicos (barbitúricos, etc.)
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

86. Cando un animal enferma durante o transporte:

- a. Atenderase inmediatamente
- b. Eutanasiarase inmediatamente se fose necesario
- c. Separarase do resto dos animais
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

87. Son indicadores fisiolóxicos do estrés:

- a. Cambios na temperatura corporal
- b. Cambios na frecuencia cardíaca
- c. Aumento da mortalidade
- d. Son correctas as respostas "a" e "b".

88. Con respecto ao BA e ao transporte:

- a. A carga e descarga son as fases máis críticas
- b. Os efectos desencadeantes do estrés son sumatorios
- c. Hai grandes diferenzas entre especies e en función da distancia
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

89. Con respecto ao BA e ao transporte:

- a. O BA debe contemplarse de forma global (transporte, explotación e sacrificio)
- b. A menor BA menor calidade da carne
- c. Todas as respostas anteriores son correctas
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

90. A falta do BA provoca perdas económicas por:

- a. Cambios na tipificación da canal
- b. Perdas no rendemento da canal
- c. Aumento de comisos e mortalidade
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

91. O estrés prolongado por falta do BA provoca:

- a. Inmunosupresion
- b. Enfermidade e mesmo a morte do animal
- c. Son correctas as respostas anteriores
- d. As respostas anteriores son incorrectas.

92. Durante o transporte as causas principais de mortalidade por especie son:

- a. En aves, os fallos cardíacos
- b. En gando porcino, a hipertermia
- c. En ovino, a asfixia
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

93. A diminución de peso nos animais durante o transporte é debido a:

- a. Xaxún (auga e alimento)
- b. Eliminación de feces e ouriños
- c. Deshidratación por evaporación, arquexo (termorregulación) e transpiración
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

94. A diminución de peso nos animais durante o transporte:

- a. É maior en primavera e verán pola deshidratación
- b. Non é lineal (prodúcese principalmente nas primeiras 24 horas de xaxún)
- c. Pode chegar ao 1,5% do peso do animal
- d. Todas as respostas son correctas.

95. Os hematomas e marcas de elementos punzantes:

- a. Son observables en períodos postmortem
- b. As lesións teñen diferente forma, extensión e profundidade
- c. Aumentan en cantidade e profundidade nas viaxes longas
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

96. Son causas de feridas e lesións durante o transporte:

- a. Pelexas e alta densidade
- b. Deseño inadecuado de vehículos, explotacións, mangas, etc.
- c. Mala conducción e manexo (carga, descarga, etc.)
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

97. Dentro da calidade sensorial da carne, a tenrura:

- a. É o factor máis determinante da satisfacción do consumidor
- b. É o factor que ten máis variación respecto ao tempo de transporte
- c. Depende da idade, especie, sexo, etc. dos animais transportados
- d. Todas as respostas anteriores son correctas .

98. A aparición de carnes PSE ten relación:

- a. Con determinadas razas de porcos (Pietrain, Landrace, etc.)
- b. En animais predispostos á hipertermia maligna
- c. Un manexo inadecuado previo ao sacrificio
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

99. A aparición de carnes DFD ten relación con:

- a. A diminución das reservas de glicóxeno previas ao sacrificio
- b. Animais sensibles e fatigados
- c. En xaxúns prolongados de máis de 16 horas
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

100. Segundo recentes enquisas con respecto ao consumo de carne ao consumidor interésalle:

- a. Que teña pouca graxa
- b. Que sexa tenra e substanciosa
- c. Con bo sabor e que poida cociñarse axiña
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

101. As maiores baixas durante o transporte de aves prodúcense:

- a. Na parte superior do vehículo
- b. Na parte inferior do vehículo
- c. Na parte central do vehículo
- d. En calquera parte do vehículo indistintamente.

1. Son requisitos dun centro de limpeza e desinfección autorizado:

- a. Cartel indicador a entrada
- b. Instalacións de auga quente e fría
- c. Foga de recollida de líquidos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

2. A validez do talón ou certificado de desinfección:

- a. Dende o precintado ata a finalización do primeiro con rotura do precinto
- b. Ata a primeira parada, unicamente sen rotura do precinto
- c. Todas as respostas anteriores son correctas
- d. Durante un mes contados dende o momento da desinfección.

3. Hai unha obriga de conservar o rexistro da LD:

- a. 1 ano
- b. 2 anos
- c. 3 anos
- d. 4 anos.

4. O orixinal do certificado de limpeza e desinfección terao no seu poder:

- a. O transportista
- b. O coidador
- c. O encargado do centro de LD
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

5. Os equipos de protección individual denomínanse:

- a. EPA
- b. EPE
- c. EPI
- d. EPS

6. O proceso de limpeza e desinfección nun CLD autorizado debería constar de:

- a. Limpeza unicamente
- b. Desinfección unicamente
- c. Limpeza e precintado
- d. Todas as respostas anteriores son falsas.

7. O número recomendable de limpeza nun CLD autorizado son:

- a. 1 limpeza
- b. 2 limpeza
- c. 3 limpeza
- d. 4 limpeza.

8. No procedemento dun CLD autorizado o relavado inclúese na:

- a. 1ª limpeza
- b. 2ª limpeza
- c. 3ª limpeza
- d. 4ª limpeza.

9. Son características dun bo deterxente:

- a. Boa actividade desengraxante
- b. Aplicación complicada
- c. Espumante que deixe residuos
- d. PH ácido unicamente.

10. Son tipos de deterxente:

- a. Alcalinos
- b. Ácidos
- c. Amónicos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

11. Son características dun bo praguicida:

- a. Seguridade
- b. Eficacia
- c. Económicos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

12. A efectividade dun praguicida dependerá de:

- a. A taxa de disolución
- b. O volume de desinfectante
- c. O tempo de contacto
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

13. Débese desinfectar un vehículo de transporte de animais:

- a. Sempre que se realice un movemento de animais
- b. Non é indispensable se non é un traslado ao matadoiro
- c. Admítense excepcións en feiras
- d. As respostas “a” e “c” son correctas.

14. Nun CLD o uso de deterxente recoméndase na:

- a. 1ª limpeza
- b. 2ª limpeza
- c. Desinfección
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

15. O precintado do vehículo débese realizar en:

- a. As portas
- b. Os accesos á altura da carga
- c. A cabina do vehículo
- d. Son correctas as respostas “a” e “b”.

galicia



XUNTA
DE GALICIA